

1. TÍTULO DO PROGRAMA / AXUDA

Subvencións para proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas galegas

2. FINALIDADE / OBXECTIVO

Axudas para realización de proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas galegas que cumpran os requisitos destas bases reguladoras (CÓDIGO PROCEDEMENTO DESTAS AXUDAS IN417Y)

3. TIPOS DE APOIO

Axudas a fondo perdido suxeitas ao réxime de mínimos e tramitadas en réxime de non concorrència competitiva: as solicitudes resolveranse por orde de prelación temporal.

Os traballos non deben iniciarse con anterioridade á data de presentación da solicitude. E o investimento mínimo subvencionable será de 10.000 euros por actuación IVE excluído

Tódolos proxectos subvencionados deberán cumprir cos requisitos de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente (mitigación do cambio climático; adaptación ao cambio climático; uso sustentable e protección dos recursos hídricos e mariños; transición cara a unha economía circular; prevención e control da contaminación; protección e recuperación da biodiversidade e os ecosistemas,)

4. BENEFICIARIOS POTENCIAIS

- As empresas legalmente constituídas e os empresarios autónomos que teñan domicilio social ou algún centro de traballo en Galicia. Considéranse empresas as entidades que exerzan unha actividade artesanal ou outras actividades a título individual ou familiar, así como as sociedades de persoas e as asociacións que exerzan unha actividade económica de forma regular.
- As empresas de servizos enerxéticos que xestionen total ou parcialmente, instalacións consumidoras de enerxía e que o obxecto destes contratos de servizos, sexa a consecución de aforro económico derivado dun menor consumo enerxético. Estas empresas para ser beneficiarias, deberán actuar en función dun contrato de servizos enerxéticos con algunha das entidades da anterior liña de subvencións (as empresas e autónomos que realizan actividades económicas de xeito regular) e deberán contar en todo caso co visto e prace do titular da instalación, por se a concesión da axuda dese lugar á modificación do contrato existente entre ambas as partes.

Os requisitos para ser beneficiarios recollidos nestas bases deberán cumprirse, a máis tardar, na data límite do remate do prazo de presentación de solicitudes.

5. SECTORES INCENTIVABLES

Empresarial

6. REQUISITOS PRINCIPAIS DO PROXECTO

Os proxectos subvencionables deben executarse dentro da CA de Galicia. O prazo de realización e execución dos proxectos subvencionables, iniciárase unha vez presentada a solicitude destas axudas e rematará o 15 de setembro do 2023

Resultarán subvencionables os proxectos que xustifiquen un nivel máis elevado de aforro e eficiencia enerxética segundo as táboas recollidas nesta Orde de convocatoria de axudas, no artigo 6 da mesma.

Os proxectos deberán ser viables técnica, xurídica, económica e financeiramente.

7. CUALIFICACIÓN REQUERIDA DO PROXECTO

Os proxectos só poderán ser subvencionados sobre a base dunha auditoría enerxética (no caso de actuacións integrais de edificios substituirase a auditoría enerxética polo certificado de eficiencia enerxética cando este sexa de aplicación ao edificio), cuxos resultados (da auditoría enerxética) se plasmarán na memoria técnica da solicitude.

8. INVERSIÓNS E/OU GASTOS COMPUTABLES

Serán subvencionables:

- Os proxectos de aforro e eficiencia enerxética que requiran custes de inversión adicionais necesarios para lograr un nivel máis elevado de eficiencia enerxética, cando os custes adicionais poidan identificarse nos custos totais dos investimentos dos proxectos como custos separados, en cuxo caso, estes custos adicionais relacionados directamente coa consecución dunha maior eficiencia enerxética, serán subvencionables. En tódolos demais casos, os custos de eficiencia enerxética determinaranse por referencia a un investimento similar, que implique menor eficiencia enerxética, que se podería realizar de xeito crible sen a axuda. Nestes últimos casos, a diferenza entre o custo de ambos investimentos, determinará o custo relacionado coa eficiencia enerxética e será este o custo subvencionable
- Proxectos con ratios de aforro enerxético anual iguais ou superiores aos valores indicados nas táboas recollidas no artigo 6 da Orde de convocatoria (páxina 27777) cuyo contido se recolle de seguido:

Denominación da liña Proxectos subvencionables PAPEME. Proxectos de aforro e eficiencia enerxética en pemes Proxectos que xustifiquen ratios de aforro enerxético iguais ou superiores a 0,3 kWh/€ de aforro enerxético de enerxía final e de enerxía primaria por euro de inversión elixible

Proxectos subvencionables PAGE. Proxectos de aforro e eficiencia enerxética en grandes empresas Proxectos que xustifiquen ratios de aforro enerxético iguais ou superiores a 0,4 kWh/€ de aforro enerxético de enerxía final e de enerxía primaria por euro de inversión elixible. PAE. Proxectos de aforro e eficiencia enerxética en pemes ou grandes empresas que reduzan as emisións de GEI en polo menos un 30 % Proxectos que xustifiquen ratios de aforro enerxético iguais ou superiores a 0,3 kWh/€ de aforro enerxético de enerxía final e de enerxía primaria por euro de inversión elixible e que ademais reduzan polo menos un 30 % as emisións de GEI. PAP.

Proxectos de aforro e eficiencia enerxética en infraestruturas públicas Proxectos que xustifiquen ratios de aforro enerxético iguais ou superiores a 0,4 kWh/€ de aforro enerxético de enerxía final e de enerxía primaria por euro de inversión elixible

9. CONTÍA DAS AXUDAS

A contía das axudas será dun 35% do custo elixible da actuación subvencionable. A intensidade incrementárase un 20% no caso de axudas concedida a pequenas empresas, e nun 10% no caso de medianas empresas.

O investimento mínimo subvencionable dos proxectos será de 10.000 euros por actuación IVE excluído.

Establecese unha axuda máxima por expediente 1.000.000,00 de euros, e a axuda máxima por entidade beneficiaria no conxunto da convocatoria será 2.000.000,00 euros.

Para axudas de máis de 100.000 euros, limitárase a axuda segundo o aforro enerxético xustificado segundo a seguinte táboa: (artigo 9 da Orde de convocatoria das axudas)

Tipoloxía beneficiario Axuda máxima en función do aforro enerxético

Pequena empresa Se $AEF < 80$ MWh/ano: $AM = 100.000$ Se $AEF \geq 80$ MWh/ano: $AM = AEF \times 1.250$

Mediana empresa Se $AEF < 100$ MWh/ano: $AM = 100.000$ Se $AEF \geq 100$ MWh/ano: $AM = AEF \times 1.000$ Gran empresa Se $AEF < 150$ MWh/ano: $AM = 100.000$ Se $AEF \geq 150$ MWh/ano: $AM = AEF \times 675$

Proxectos de aforro e eficiencia enerxética en infraestruturas públicas (PAP) Se $AEF < 80$ MWh/ano: $AM = 100.000$ Se $AEF \geq 80$ MWh/ano: $AM = AEF \times 1.250$

10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes deberán presentarse na modalidade electrónica na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal>

Tamén se poderán presentar as solicitudes a través da páxina do INEGA (www.inega.gal)

O prazo para presentar as solicitudes comezará o 10 de maio de 2023 das 9,00 horas e finalizará o 15 de setembro do 2023

11. INCOMPATIBILIDADES

Estas axudas serán incompatibles con outras axudas destinadas á mesma finalidade convocadas por calquera Administración.

12. REFERENCIA LEXISLATIVA

Resolución de 21 de abril do 2023 (DOG 05/05/2023)

13. INFORMACIÓN E TRAMITACIÓN

Xerencia do INEGA . 981 541 503 inega.info@xunta.gal

14. OBSERVACIÓNS

FEDERACION
GALEGA DE
COMERCIO 